



CONCELLO DE ARANGA

SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE ARANGA

- SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, SÁBADO 15 DE XUÑO DE 2019 -

Na sala de sesións da Casa Consistorial de Aranga, sendo as trece horas do día **QUINCE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZANOVE**, vixésimo día posterior á celebración das Eleccións Municipais, e a efectos de dar cumprimento ao que dispón o artigo 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1995 de 19 de xuño do Réxime electoral xeral e os artigos 36 e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais que se aprobou polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e á elección do Alcalde, reunéñse, na primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que se relacionan, proclamados electos como consecuencia das pasadas eleccións municipais de 26 de maio de 2019, coa asistencia da Secretaria D^a. Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga, na **SESIÓN PÚBLICA CONSTITUTIVA DO CONCELLO**.

ASISTENTES:

D. ALBERTO PLATAS ÁLVAREZ (PP)
D^a. EVA MARÍA SÁNCHEZ BRAÑAS (PP)
D. JOSE MIGUEL IGLESIAS ARES (PP)
D. DIEGO VÁZQUEZ GARCÍA (PP)
D^a. AMPARO RIVAS PENA (PP)
D^a. SANDRA PENA BARBEITO (PSOE)
D. CARLOS PLATAS ROCHA (PSOE)
D. MANUEL SÁNCHEZ CARRO (PSOE)
D. RUBÉN GARCÍA VIDAL (PSOE)

AUSENTES:

Ninguno.

A sesión celébrase previa convocatoria para o efecto, feita coa antelación regulamentaria dándoselle publicidade, mediante a fixación dun exemplar da convocatoria e da Orde do día no taboleiro

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

de edictos da casa consistorial e na páxina web do concello.

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.-

Se procede a constituir a Mesa de Idade, que queda integrada polo Concelleiro electo de maior idade de entre os asistentes, D.CARLOS PLATAS ROCHA que pasa a presidir a sesión, e polo concelleiro electo de menor idade tamén de entre os asistentes, D. RUBÉN GARCÍA VIDAL , actuando como Secretaria a do Concello , Dona Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga.

O presidente declara : **queda aberta a sesión.** Seguidamente pola Secretaria, por orde do Sr. Presidente, dase lectura ás disposicións aplicables aos novos Concellos, entre eles o artigo 195 e 196 da Lei orgánica do réxime electoral xeral e os artigos 36 e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

2.-ACREDITACIÓN DA PERSOALIDADE DOS CONCELLEIROS ELECTOS.

Constituída a Mesa, pola Secretaria_faise constar que a Xunta Electoral de Betanzos, en cumprimento do que dispón o artigo 108.5 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, estendeu o acta de proclamación do resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019 na circunscrición electoral de Aranga, certificando_o número de votantes, electores, votos a candidaturas, votos en branco, votos nulos e escaños obtidos por cada candidatura así como a relación nominal dos concelleiros electos para este concello, de acordo co seguinte resume:

NÚMERO DE ELECTORES	1701
NÚMERO DE VOTANTES	1431
NÚMERO DE VOTOS A	1400

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

CANDIDATURAS	
NÚMERO DE VOTOS VÁLIDOS	1409
NÚMERO DE VOTOS NULOS	22
NÚMERO DE VOTOS EN BLANCO	9

Votos obtidos por cada candidatura:

CANDIDATURAS	VOTOS OBTIDOS	ELECTOS
PARTIDO POPULAR	751	5
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE	526	4
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	123	0

De acordo cos resultados , na acta do 31 de maio de 2019, a Xunta Electoral de Zona de Betanzos proclama concelleiros electos aos candidatos segundo a seguinte relación nominal:

D. ALBERTO PLATAS ÁLVAREZ (PP)
D^a.EVA MARÍA SÁNCHEZ BRAÑAS (PP)
D. JOSE MIGUEL IGLESIAS ARES (PP)
D.DIEGO VÁZQUEZ GARCÍA (PP)
D^aAMPARO RIVAS PENA (PP)
D^aSANDRA PENA BARBEITO(PSOE)
D.CARLOS PLATAS ROCHA (PSOE)
D.MANUEL SÁNCHEZ CARRO (PSOE)
D. RUBÉN GARCÍA VIDAL (PSOE)

Non consta a presentación de reclamacións o recursos contra a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

proclamación.

A Mesa de Idade procede a comprobar as credenciais electorais enviadas pola Administración electoral a cada un dos concelleiros , e as cotexa coa acta remitida ao concello pola Xunta electoral, procedéndose á examinar as acreditacións da persoalidade de cada un dos asistentes á sesión a través dos DNI.

A Secretaria informa que todos os concelleiros electos teñen presentado as declaracións de intereses asi como a declaración de bens patrimoniais . Se lles recorda a obriga de efectuar novamente estas declaracións cando se modifiquen as circunstancias de feito.

3.TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELLEIROS ELECTOS.

O presidente, D.Carlos Platas Rocha anuncia que acto seguido os concelleiros electos deben prestar xuramento ou promesa de conformidade co artigo 108 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral , para adquirir a plena condición do seu cargo.

A tal efecto o Presidente da Mesa, ante a Secretaria da corporación, diríxese aos concelleiros electos, e formula a seguinte pregunta, segundo a fórmula regulamentaria que se fixa no Real Decreto 707/1979 de 5 de abri, sen prexuício de que se substitúa esta fórmula polo xuramento o promesa perstado persoalmente:

**“¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA
CONCIENCIA E HONOR CUMPRIR FIELMENTE O CARGO DE
CONCELLEIRO DE ARANGA CON LEALTADE AO REI, E GARDAR
E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA
FUNDAMENTAL DO ESTADO?”**

Os Sres. Concelleiros son chamados polo concelleiro D.Rubén García Vidal pola orde na que figuran na credencial remitida pola Xunta electoral de zona, do que resulta:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

ELECTOS	FÓRMULA UTILIZADA
ALBERTO PLATAS ÁLVAREZ	Si, xuro
EVA MARIA SÁNCHEZ BRAÑAS	Si, prometo
JOSE MIGUEL IGLESIAS ARES	Si, xuro
DIEGO VÁZQUEZ GARCÍA	Si, xuro
AMPARO RIVAS PENA	Si, xuro
SANDRA PENA BARBEITO	Si, xuro
CARLOS PLATAS ROCHA	Si ,prometo
MANUEL SÁNCHEZ CARRO	Si prometo
RUBÉN GARCÍA VIDAL	Si prometo

4.-DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

A Mesa de Idade, integrada por D.Carlos Platas Rocha e D.Rubén García Vidal , de conformidade co establecido no artigo 37.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídido das entidades locais, **DECLARA FORMALMENTE CONSTITUIDA A CORPORACIÓN MUNICIPAL DE ARANGA.**

Fáise constar que dende este momento , os membros da Corporación local que han tomado posesión dos seus cargos, gozan dos honores, prerrogativas e distincións propias do mesmo que establezan as leis do Estado e da Comunidade Autónoma e están obrigados ao cumprimento estrito dos deberes e obrigas inherentes a aquel, segundo dispón o artigo 73.2 da lei Reguladora das Bases do réxime local, debendo observar especialmente as normas sobre abstencións

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

e incompatibilidades e deben asistir ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

5.-ELECCIÓN DE ALCALDE.

O Sr. Presidente , D.Carlos Platas Rocha anuncia que de seguido se procederá a elección de alcalde de acordo co que dispón o artigo 196 da Lei Orgánica do réximen electoral xeral, indicando que poden ser candidatos todos os concellerios que encabezan as listas. Se algún obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros, será proclamado alcalde. Se ningún obtén a maioría será proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que teña obtido maior número de votos populares no municipio.

De entre os concelleiros que encabezan as listas das candidaturas que obtiveron representación nas pasadas eleccións do 26 de maio de 2019, manifestan expresamente ao Presidente da Mesa a súa vontade de ser candidatos a Alcalde os seguintes : D.Alberto Platas Álvarez cabeza de lista do Partido Popular.

Pola Secretaria infórmase dos procedementos de votación , segundo o artigo 102 do Regulamento de Organización : ordinaria, nominal e secreta . O sistema normal será a votación ordinaria aínda que a votación secreta pode ser utilizada para a elección de persoas. Os concelleiros asistentes, acordan que sexa votación ordinaria.

Efectúase a votación , obténdose os seguintes resultados

TOTAL VOTOS EMITIDOS :	NOVE
ABSTENCIÓN(VOTO EN BRANCO) :	CERO
VOTOS VÁLIDOS :	NOVE

VOTOS OBTIDOS POR ALBERTO PLATAS ÁLVAREZ: 5

Sendo o número legal de membros da Corporación 9 e o número de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

votos necesarios para obter a maioría absoluta legal de 5, obtén a maioría absoluta requirida D.Alberto Platas Álvarez , polo que, de conformidade co disposto no artigo 196.b) da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral, **PROCLÁMASE ALCALDE ELECTO DE ARANGA A D. ALBERTO PLATAS ÁLVAREZ.**

6.-TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE.

Inmediatamente o Presidente da Mesa de Idade , D.Carlos Platas Rocha preguntalle ao alcalde proclamado se acepta o cargo ao que responde afirmativamente polo que D.Alberto Platas Álvarez, integrado na candidatura do Partido Popular, procede, de conformidade co artigo 40.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais , aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, a súa toma de posesión ante o Concello en Pleno, utilizando a fórmula legal de xuramento, manifestando:

“XURO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONOR CUMPRIR FIELMENTE O CARGO DE ALCALDE DESTE CONCELLO DE ARANGA CON LEALTADE AO REI, E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO”

Neste momento o SR. ALCALDE electo, D.Alberto Platas Álvarez pasa a ocupar o lugar da presidencia na sala de sesións, ocupado ata o momento por D.Carlos Platas Rocha.

Neste momento o Sr.Alcalde, Alberto Platas Álvarez diríxese aos asistentes a sesión coas seguintes palabras : “ En primeiro lugar quero dar as grazas a todos os veciños que me deron a súa confianza para ser o seu alcalde durante os vindeiros catro anos, espero non defraudalos. E aos que non me deron o seu voto intentarei coa miña labor nos vindeiros anos gañar a súa confianza.

Quero agradecer tamén a todos os meus compañeiros do Partido Popular de Aranga o seu traballo realizado e o seu apoio para conseguir que hoxe sexa nomeado Alcalde de Aranga polo Partido Popular.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

Desexo tamén que todos os membros que formamos esta nova corporación sexamos ben levados e demos exemplo de convivencia aos nosos veciños e veciñas.

Sen máis dende este momento pñoñome a disposición de todos os veciños e veciñas de Aranga para o que necesiten e oxala sexa capaz de resolver os seus problemas e as súa inquiredanzas. Moitas grazas”.

O Alcalde , Alberto Platas Álvarez ofrece un turno de intervención á cabeza de lista do Partido Socialista, D^a.Sandra Pena Barbeito que , en uso da palabra , manifesta que podería dicir moitas cousas pero hoxe non é o día, temos catro anos por diante. Dí que “ hoxe é a festa da democracia e dámovos a enhoraboa a todos. Respetamos por suposto os resultados. Traballade , e o único que vos podo aconsellar. Temos catro anos por diante, disfrutade do día.”

7.- POSTA DE MANIFESTO DO ARQUEO E DO INVENTARIO.

A continuación pola Secretaria, de conformidade co establecido no artigo 36.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e aos efectos do preceptuado no artigo 33.2 do Regulamento de bens , aprobado polo Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, ponse de manifesto a Acta de Arqueo extraordinario, redactada con motivo da Constitución da nova Corporación, e acompañada dos documentos que xustifican as existencias depositadas na Caixa Municipal e nas Entidades Bancarias, que en resumen son as que se indican:

EXISTENCIAS EN METÁLICO:

ENTIDADE	SALDO A 15/06/2019 (€)
CAIXA DA CORPORACIÓN	0,00
ABANCA 1	728.929,93
ABANCA 2	410.818,80

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

ABANCA 3	41.770,54
TOAIS	1.181.519,27

Respecto á comprobación do Inventario de Bens e Dereitos da Corporación dáse conta do informe de Secretaria relativo ao mesmo, a falta da aprobación definitiva do mesmo.

8.- LECTURA DO ARTIGO 38 E DO ARTIGO 24 DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURÍDICO DAS ENTIDADES LOCAIS.-

Para finalizar, de orde do Sr.Alcalde, D.Alberto Platas Álvarez dáse lectura pola Secretaria ao artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que dí literalmente

“Dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas , a fin de resolver os seguintes puntos:

- a) Periodicidade das sesións do pleno*
- b) Creación e composición das Comisións informativas permanentes*
- c) Nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados, que sexan competencia do pleno.*
- d) Coñecemento das resolucións do Alcalde en materia de noemamento de Tenientes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno Local, si debe existir, e Presidentes das Comisións Informativas, así como das delegacións que a Alcaldía estime oportuno conferir.”*

Tendo en cona o disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, e o artigo 23 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os concelleiros electos teñen o dereito-deber de constituirse

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

en grupos políticos para a súa actuación corporativa, procedéndose á lectura do artigo 24 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais que día literalmente:

“1.Os Grupos políticos constituiráanse mediante escrito dirixido ao presidente e subscrito por todos os seus integrantes , que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da corporación.

2. No mesmo escrito de constitución faráse constar a desinación do Portavoz do grupo, poidéndose desinar tamen suplentes”.

Os asistentes quedan enterados do contido dos artigos e se dan por notificados do seu contido , co que se da por rematado o acto dispoñendo o cumprimento dos requisitos legais que se establecen, levantándose a sesión, por orde da presidencia, as trece horas e vinte minutos do día quince de xuño de dous mil dezanove, e exténdese a presente acta que firma o Sr.Alcalde conmigo a secretaria que dou fe do acto, de todo o que certifico.

Vº.Pr.O alcalde :

A secretaria:

Asdo:Alberto Platas Álvarez
Ocampo Pérez-Gorostiaga

Asdo:Ana María